

30.5.18| Campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade 2018

CAMPAMENTOS DE VERÁN 2018.

Folleto informativo dos Campamentos de verán 2018

Información de FÁCIL LECTURA

Cartel

Prazo de solicitude: ata o 30 de maio de 2018, incluído.

Obxecto:

Permiten gozar durante 10 días, dunha estadía socializadora e de convivencia, nun espazo lúdico, humano, integrador, formativo e seguro; mediante o desenvolvemento de actividades que este ano estarán dirixidas especialmente ao fomento de habilidades sociais, ao contacto coa natureza e o mar, ao coñecemento da propia cultura e á educación para a saúde.

*A solicitude de praza neste programa de campamentos específicos para persoas con discapacidade é **compatible** coa solicitude de **prazas de inclusión no programa Campaña de verán 2018 da D.X. de Xuventude e Voluntariado***

Persoas destinatarias:

As persoas que teñan recoñecida a condición de persoa con discapacidade, cun grao igual ou superior ao 33%, e unha idade comprendida entre os 11 e os 40 anos, segundo se indica en cada unha das quendas.

Requisitos:

- Ter recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Ter unha idade comprendida entre os 11 e os 40 anos. Ter cumprida a idade mínima ao inicio da quenda e non superar a idade máxima á súa finalización.
- Estar empadroadado nalgún concello de Galicia.
- Non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.
- Non presentar trastornos que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade.
- Ter unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades que se van desenvolver.
- Ter unha mobilidade acorde coas características da instalación que se solicita.

Campamentos quendas específicas

Prezo xeral: 125 € | Prezo con Título de familia numerosa (-50%): 62,5€ | Prezo con Carné xove (-25%): 93,75€

Adxudicación:

A adxudicación farase tendo en conta as seguintes prioridades:

- As persoas que non participaran en anos anteriores.
- Residan habitualmente no domicilio familiar.

No caso de empate a adxudicación de prazas farase por orde de entrada da solicitude.

Documentación:

- **Solicitude** (word) | **Solicitude** (pdf)
- **Informe médico** (word) | **Informe médico** (pdf)

As persoas seleccionadas teñen que aceptar ou renunciar á praza antes de 10 días dende que reciben a notificación de que foron aceptados. No caso de aceptar a praza hai que entregar tamén:



- Xustificante de ter pagado.
- Copia da tarxeta sanitaria ou do seguro médico privado.
- Un informe médico actualizado, no caso de haber cambios de saúde importantes ou necesitar algunha atención especial dende que se presentou a solicitude.
- Copia do carné de familia numerosa ou do carné xove, segundo proceda, no caso de acollerse a algunha destas condicións.
- Unha fotografía tamaño carné.

É obrigatorio facer isto, para poder entrar na praza concedida.

Lugar de presentación:

Consellería de Política Social. Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Prazo de presentación:

Ata o 30 de maio de 2018 incluído.

Máis información

Teléfono Social gratuito: **900 333 666**

Para información sobre a **xestión dos campamentos, envío de documentación, valoración de solicitudes e concesión de prazas:**

- a. Teléfonos: 981-**547437** /981-**544640**.
- b. Mail: **autonomiapersoal.xps@xunta.es**

Para información sobre as instalacións nas que se desenvolve o programa pódese consultar a páxina web **<http://politicasocial.xunta.gal/web/portal/portada>** ou dirixirse directamente ás propias instalacións.

- **Ficha albergue xuvenil de Gandarío**
- **Ficha residencia de tempo libre de Panxón**

[Imprimir](#)